

Adai consolídase como un referente do gando equino na provincia

FEIRA DO CABALO. O concello do Corgo acolle dende esta tarde ata mañá esta cita cabalar que acada a súa décimo sexta edición. Na xornada grande, que será o domingo, haberá exhibición de exemplares, poldro mecánico, xincana e unha nova edición do rodeo, que este ano se celebra por cuarta vez e que será un dos actos máis destacados

DIÁLOGOS COMUNICACIÓN

Case sen tempo para tomar aire, o recinto feiral de Adai verá como o gando de raza rubia galega que centra o concurso e a subasta de hoxe deixará o espazo para o gando equino, protagonista da Feira do Cabalo, que Adai comeza a celebrar esta tarde e que se prolongará durante toda a xornada de mañá domingo. A cita acada este ano a súa décimo sexta edición, polo que xa se pode falar de feira consolidada, máis aínda coa tradición cabalar que caracteriza a este municipio. Non en van, espérase a presenza de 400 cabaleiros, a grande maioría procedentes do Corgo e dos concellos próximos. Así o explica o alcalde do municipio, José Antonio Ferreiro, quen ademais chama a atención sobre a importancia que ten esta cita para este concello lucense.

Neste senso, comenta que «esta feira é todo un referente para o mundo equino. Adai ten moita tradición cabalar, por iso é un dos certames de cabalos máis importantes de cantos se desenvolven na provincia. Proba delo é que agardamos a presenza duns 400 cabaleiros».

José Antonio Ferreiro non só fai referencia ó destacado eido cabalar da cita, senón que asegura tamén que se trata dun evento na que a festa invade Adai e o resto do municipio do Corgo, que recibe a centos de persoas, oriundos e visitantes, nunha feira moi concorrida.

Ademais, insiste en que «non hai que olvidar a vertente económica da feira, xa que se fan moitos contactos, vendas e posibles transaccións». De feito, un dos primeiros actos do programa de mañá é a exhibición de cabalos para a venda, que será ás once.

Así mesmo, ó atractivo que teñen os équidos únese un programa no que nesta edición non faltan as novidades. De feito, aínda que este ano non haberá doma, os cabaleiros poderán participar igualmente noutras destacadas probas, como unha carreira de barrís e rodeo de postes, na que deberán amosar a súa habilidade na monta. Ademais, tamén haberá un poldro mecánico e unha xincana, na que a organización distinguirá ós dez mellores xinetes con diferentes premios.

Outro dos actos máis destacados do cartel, que se mantén con respecto a outras edicións, é o rodeo, que este ano se celebra por cuarta vez.

Tamén nesta competición se distinguirá ós participantes que amosen máis habilidade.

A organización da festa corre a cargo do Concello do Corgo, que, porén, conta coa preciada colaboración da Asociación de Cabaleiros da Feira de Adai, un apoio moi importante e crucial para o éxito desta convocatoria, segundo apunta José Antonio Ferreiro. O orzamento para a celebración desta feira ascende a uns 12.000 euros.

Cita multitudinaria

ESPÉRASE A PRESENZA DUNS 400 CABALEIROS PROCEDENTES DO CORGO E DE CONCELLOS PRÓXIMOS

XVI Feira do CABALO de ADAI O CORGO - LUGO

SÁBADO, DÍA 25 DE XUÑO DE 2011

18:00 h. 1ª Xuntanza Cabalar en Adai.
 19:00 h. I Carreira de barrís e rodeo de postes.
 21:00 h. Degustación de potro.
 21:30 h. Churrasco gratis para tódolos asistentes que veñan a cabalo.
 22:00 h. Actuación musical.
 (Habilitarase unha zona de acampada)

DOMINGO, DÍA 26 DE XUÑO DE 2011

09:30 h. Apertura do recinto feiral.
 10:00 h. Entrega de vale para comida ou agasallo ós cabaleiros.
 11:00 h. Exhibición de cabalos para venda.
 11:30 h. Potro mecánico gratuíto.
 12:00 h. Probas de xincana.
 13:30 h. Peche da inscrición dos cabalos.
 14:00 h. Xantar.
 15:30 h. Xincana. Premios para os 10 mellores xinetes.
 17:00 h. IV Rodeo. Haberá agasallos para os mellores participantes.
 Toda a xornada estará amenizada pola charanga

OS CHARANGOS DE NEDA

Organiza: **Concello do Corgo**.
 Colabora: **Asociación de Cabaleiros da Feira de Adai**.



Son moitos os que se achegan a contemplar os équidos. ADC

NO LO ABANDONES



**SOCIEDAD
 PROTECTORA
 DE ANIMALES
 DE LUGO**

Él nunca lo haría ...



VETERINARIOS CLÍNICOS EQUINOS

SERVETEIQ

Servicios Veterinarios Equinos

www.serveteiq.es

serveteiq@serveteiq.es

O Abeledo - Laxes - Camposo - 27163 - O Corgo - Lugo ☎ 686 948 488 - 608 080 764